

**A NOVELA HISTORICA GALEGA
COMENTARIO A UN TEXTO NARRATIVO DE
ANTONIO LOPEZ FERREIRO**

Aurora Marco

Cando en 1894 López Ferreiro publica a súa primeira novela, o único precedente deste xénero con que contaba a literatura galega era *Maxina ou a filla espúrea*, novela romántica de tendencia folletinesca que foi publicada no 1880 e obra de Marcial Valladares Núñez. Entre as varias facetas de López Ferreiro (1) cumpre destacar a de criador orixinal en lingua galega. Con afeito, da súa pluma saen tres novelas históricas, de tipo romántico, ao xeito das de Walter-Scott, que teñen moito interese, pois introducen na nosa literatura este xénero que na Galiza estaba inédito, aínda que no resto do mundo xa pasara de moda. Con anterioridade, xa houbera, entre os escritores galegos, cultivadores da novela histórica — lembremos-nos das aportacións de Neira de Mosquera, Benito Vicetto, Bernardo Barreiro, Murguía, etc.—, pero as súas obras estaban escritas en castelán, máis ser o seu tema galego. Non podemos, xa que logo, incluí-los dentro da literatura galega.

Con certo desfase cronolóxico —e mesmo estético— saen do prelo *A tecedeira de Bonaval*, *O Castelo de Pambre* e *O niño de pombas* nos anos 1894, 1895 e 1905 respectivamente. As tres seguen o modelo do narrador escocés Walter Scott. Son novelas históricas comedidas, non libertinas, moi en consonancia co espírito cristiano do historiador compostelano. Hai nelas un grande amor a Galiza e ao seu pasado histórico. Os acontecementos históricos que narran transportan-nos aos séculos XVI, fins do XIV e XII. Misturada con todos estes acontecementos surxe, nas tres, unha historia amorosa. Na maioría das páxinas destas novelas está presente o historiador, que manifesta unha enorme dependencia dos datos e documentos históricos. Por suposto, os elementos ficticios tamén os hai, mais en menor medida.

Estas novelas, de corte tradicional, sen complicacións técnicas, non carecen de interese desde o punto de vista literario. Son novelas amenas, aínda que ás veces o autor se recrea demasiado na historia e na arqueoloxía, e hai pasaxes que

resultan lentas e cuase pesadas. O que si cumpre subliñar é o seu interese no terreo lingüístico. Unha extraordinária riqueza lexical, unha enxebreza na sintaxe e un profundo coñecimento do galego popular e do galego histórico, fan da súa lingua un instrumento moi valioso. Algunhas incoerencias e vacilacións son comprensíbeis tendo en conta o momento en que estas obras foron escritas, e resultan, polo tanto, inevitáveis.

Calquera das tres novelas presenta os suficientes valores como para permitir o comentáριο dalgunhas páxinas. Escollemos para este traballo un fragmento de *O castelo de Pambre*, ao noso xuízo a novela máis lograda. Trata-se do capítulo XVIII, titulado *A embaixada de Fernán Vázquez*. Ante a imposibilidade de ofrecer a totalidade do mesmo —pois consumiría máis espazo do previsto— extraemos o comezo (2):

"O día antes de acabar-se o prazo convenido entre Alvaro Páez e Gonçalo Ozores, à porta da casa en que moraban os señores do Vilar de Mella, na parroquia de Rodieiros a eso das tres da tarde apeaba-se un cabaleiro montado nun faco, o cal, si habemos de dicir a verdá, non podía charmar-se un Pegaso ou un Babieca, pero tampouco non era un barrufeiro. O xenete era Fernán Vázquez que, dando por suposto que os donos habian de estar na casa, deixou-lle a besta a un criado que se achaba ali preto, e sin máis cirimónias meteu-se polo zaguán adiante preguntando a voces si habia licéncia e onde estaba a xente da casa. Como era algo parente de Eldonza, por eso entraba con aquela franqueza e desenvoltura.

Non tardaron os donos en decatar-se do que pasaba; saíron-lle ao encontro, e despois dos saúdos e parabéns do caso, fixeron-no subir a un dos sobrados.

- Parece que andamos fuxidos uns dos outros —dicia Eldonza entrando na cámara—; xa no me acorda a última vez que nos vimos.

- Deso a Fernán Vázquez no hai que volver-lle toda a culpa —saleu Vasco Fernández—; nós somo-los que estamos faltando, que inda tan siquiera lle dimos as grácias à direita polo que por nós fixo.

- O que eu fixen non é cousa que non se poida dicir, é verdá; pero non vexo por que haxa que dar-me as grácias.

- ¿E pensades que non sabemos o que fixestes por nós no Castro das Seixas?.

- ¡Boite, o que vos vai acordar agora!.

- Inda nunca nos esqueceu pra que deixemos de te-lo un soilo momento presente.

- Pois morra o conto. Eu si non fixen nada, non hai que agradecer-me; si fixen algo, moito fixen demais. Pero agora, podendo ser, quíria-lle unha palabriña a Beringuela.

Andaba ela gavexando pola casa adiante, e tan pronto lle veu o recado, presentou-se na visita. Retiraron-se os pais, e quedou ela soila con Fernán Vázquez. O cal despois dun momento de silencio, en que amostrou ter non menos trabado o espírito que a léngua, rompeu ao fin a falar na maneira seguinte:

- Traio para vós unha encomenda, e traio-vo-la como quen ven arrastro. Xa son vello, e vós ben vedes como vou mirrando a todo paso pra as engurras, que a delor e os anos non se compran; teño-me visto en moitos lances e apertos de todas sortes, pois non é porque eu o diga, pero a poucos conozo que tivesen unha vida tan arrastrada e tan traballada como a que eu tiven, e eso que pola misericórdia divina nunca me faltou un pezado de pan. Mais por eso, que mo creades, que no mo creades, nunca me vin tan acorado, nin con tantas tentacións de retroceder e de largar-me pra a casa, ou para un monte, coma na acasión presente. Nunca me cansei de andar ao retrouteiro, ben o sabe Dios; pero desta vez parece-me que as pernas se me quedan baradas e tolleitas, que o folgo me falta, e que as palabras se me callan e engalatan na gorxa.

Si eu non vos conocera tan ben como xa de vello vos conozo, non porque eu collera esta encarga por moito que lle pesase ao Sr. Gonzalo Ozores; pero a bondá do voso caraute, o acáida que sodes na razón...

- Pero, ¿que encarga é esa que tanto vos fai tecer e cavilar? —preguntou Beringuela.

- O señor Gonçalo Ozores non é home que se atope por cousa ningunha deste mundo; pero mil vidas que tivera, mil daría antes que vir onde a vós con ela. Mais vamos ao caso. Non sei si saberedes que fai dous ou tres días chegou a Curbián o Sr. Alvaro Páez de Soutomaioir. Trouxo consigo à sua filla D^a Maria; e por canto non se lle meteu na cabeza o facé-la casar co señor Gonzalo Ozores.

Como non iñorades, moito é o que lle debe o Sr. Gonzalo Ozores ao Sr. Alvaro Páez; anque o de Soutomaioir fora seu pai, non podía facer máis por el do que fixo. Polo consiguiente, ¿que arredas, que escusas lle iba a poñer o Sr. Gonçalo a estes deseios, a esta proposición que despois de todo non tiña nada de descamiñada, nin por que houbese que reprochar? ¡E aínda si fora esto solo! Mais, todo-los vasallos de Curbián así que viron a D^a Maria, todos deron en decir à unha, ¿que boa compañeira pra o señor Gonçalo Ozores! ¡Mismo parece que a mandou Noso Señor para encher e alegrar esta casa! ¿que matrimonio máis parexo non farán! E estes ditos, e estas acramacións repiten-nas a cada hora máis polo craro, desque se decataron das intencións do Sr. Alvaro Páez.

Eu, do riquismo que é e poderoso o señor de Soutomaior, da sua fachenda e dos seus fumes, non vos quero dicir nada, porque é público e notório en toda a Galícia; como tamén o é que as casas de Soutomaior e de Ulloa por aí se xogan, e que, si non son dunha mesma igoaldá, pouco será o que esquipe unha da outra. E xa comprenderedes o que lles ha de contentar aos vasallos da casa de Ulloa o que o seu señor se acomode cunha dona da sua igoaldá, e que na sua man non decaia o nome e a sona da sua nobre casa.

Nengunha destas razóns e máis doutras que eu poidera dicir e remexer se lle esquece ao señor Gonçalo Ozores; pero máis elas foran, que el por nada deste mundo se estreveria a faltar no máis mínimo aos compromisos que con vós ten. Por eso mandou-me onde a vós pra que vos enteirase e puxese ao corrente de todo. Si eu fose a pintar-vos agora a pena e a turbaçon...

-Escusades molestar-vos máis —enterrumpeu Beringuela— porque xa estou de volta de todo canto queredes contar-me. Dicidi-lle voso señor que faga conta de que eu para el non existo, e de que estamos como si nunca nos víramos nin faláramos. E non digo esto por despeito nin por rancura, pois sempre percurei conformar-me ca miña sorte. E pra certificar-vos desto e para que asi o poidades dicir a voso señor, vou-vos a dar a maior proba que de min se poidera axixir.

E isto dito, foi-se ao seu cuarto, abreu unha arquetiña de chapas de marfil que tiña sobre da mesa, sacou dela aquela mesma carta que lle guindara o próprio Fernán Vázquez polo bufarro do calabozo, e volveu con ela na man dicindo-lle ao entrar pola porta ao amo de Gonçalo Ozores:

- Supoño que conoçeredes este papel. Aquí tendes o nome do voso señor.

E sin máis, arrimou-se a unha fiestra que estaba aberta, e comezou de poñer a mensiva de Gonçalo Ozores en miúdos anaquiños, que o vento iba levando e espaxando polo espácio".

Como primeira etapa do noso comentário conviria situar o texto no conxunto da obra. A tal fin e para os que non coñezan a novela, pensamos que pode ser útil un pequeno resumo da mesma.

O castelo de Pambre é unha novela estruturada en dezaioito capítulos e un "engadamento à lenda", que ven sendo un epílogo informativo sobre a sorte dos protagonistas dez anos despois de rematada a obra. Os acontecementos históricos que se narran levan-nos aos arredores do río Pambre, afluente do Ulla, a fins do XIV e máis concretamente ao ano 1378. As loitas entre os antigos partidários de Pedro I de Castela —morto en Montiel en 1369— e os partidários de Enrique II de Castela ocupan unha boa parte da novela. Ambos bandos están capitaneados

respectivamente por Gonzalo Ozores de Ulloa, protagonista da novela, que está ao lado dos petristas, e o seu enemigo, Vasco Gómez das Seixas, ao fronte dos enriqueistas. Descreben-se con grande minuciosidade todas estas loitas. O resultado é favorábel a Gonzalo Ozores, que pouco a pouco consegue recobrar a maior parte das terras que lle foran usurpadas coa subida ao trono de Enrique II e obtén o favor dos seus antigos vasallos. No meio dos acontecementos históricos hai unha historia amorosa, insinuada cuase desde o comezo, aínda que as alusións à mesma son realmente escasas. Mais os feitos desenvólven-se de tal xeito que o capítulo XVI podería ser tamén o final. Xa non se agarda nada novo. No castelo de Curbián soceden-se durante catro días festas, bailes, xustas, para celebrar a recuperación do patrimonio dos Ulloas. O amor entre os dous protagonistas, Gonialo e Beringuela, é agora tan aceso que non desexan máis que unir as súas vidas. E o capítulo remata xustamente coa despedida dos dous namorados até o día do casamento. Pero a novela continua, e no capítulo XVII entra en escena unha nova personaxe, que vai cambiar radicalmente o desenlace da acción. E Maria, filla de Alvaro Paéz de Soutomaior, das familias máis importantes desta época. Alvaro Páez, amigo dos Ulloas, desexa o casamento da súa filla Maria con Gonzalo e así llo propón. Este solicita un prazo de tres días para responder.

E chegados a este punto non temos máis que adentrar-nos no cap. XVIII, cuxo comezo constitui o obxecto deste comentáριο.

O texto escolmado para o presente comentáριο goza dunha grande unidade. Adopta a forma dialogada directa, pero enmarcada en presentacións narrativas que van precedendo aos diálogos. Podemos articular o fragmento en torno a tres momentos:

1.- Presentación do escenario da acción. Mención de un dos protagonistas do capítulo. Informantes de tipo espacial (Rodieiros) e temporal (tres da tarde do día anterior ao cumprimento do prazo establecido).

2.- Diálogo intrascendente entre Fernán Vázquez e os pais de Beringuela. Advertimos xa a grande familiaridade e cariño existentes entre os interlocutores, o que dificultará, sen dúbida, a misión que trae Fernán Vázquez.

3.- Momento culminante do capítulo —e mesmo da novela, en canto à parte amorosa se refere— é o diálogo entre Fernán Vázquez e Beringuela. Exposición do motivo que o trouxo a Rodieiros. Coinciden, neste diálogo, climax e desenlace.

O núcleo principal é o terceiro e a el subordinan-se os dous primeiros que serven, en certo modo, para introduci-lo. Tanto o párrafo inicial, situacional, como o diálogo insustancial entre Fernán Vázquez e os pais de Berenguela, veñen sendo como un prólogo preparatório do diálogo posterior. Está-se a preparar a atmósfera axeitada. O "amo" de Gonzalo quer dialogar con Beringuela sen estaren os pais diante, embora existise entre eles grande confianza. Isto é un indício de que algo moi persoal e delicado trae entre mans.

Escenario e personaxes

O texto que inícia o capítulo XVIII encabalga-se co anterior. Hai unha continuidade temporal entre ambos os dous. O prazo que fixaran Alvaro Páez e

Gonzalo está a punto de concluir. Hai unha nova situación, moi delicada, por resolver. Trata-se de desfacer o compromiso entre Gonzalo e Beringuela. O encargado desta misión é Fernán Vázquez. Produce-se un cambio de lugar: de Curbián, onde vivían os Ulloas, pasa-se a Rodieiros, onde estaba Beringuela cos seus pais.

Desde antes de iniciar-se o diálogo propiamente dito presentímos a gravidade do motivo da súa vinda. Hai unha anticipación da situación emocional de Fernán Vázquez, o home de confianza de Gonzalo Ozores, que xa en outras pasaxes da novela foi o encargado de resolver-lle algúns problemas (3). Fixemo-nos como nas liñas que van introducir o diálogo e no diálogo propiamente dito as aliteracións cuase onomatopéicas indican ben ás claras cal é o estado emocional de Fernán Vázquez: ten a lingua *trabada*, pero *rompe* a falar, aínda que ven à forza, como se o trouxeran arrasto. A fonética contribuí a dar expresividade ao texto (*traio / e traio-vo-la / arrastro / mirrando / engurras / apertos / sortes / arrastrada e traballada / retroceder e largar-me*).

Dentro da novela Fernán Vázquez é personaxe secundaria aínda que ten un papel moi destacado. Nesta pasaxe converte-se en vítima dunha loita interior: por unha banda o seu desexo de obedecer ao seu señor leva-o a executar puntualmente o seu cometido. Mais, por outra, o cariño que sente por Beringuela (à que estaba tamén unido por lazos de parentesco) impede-lle facer as cousas a gusto, como el quixera, e sente-se cuase coutado nun determinado momento. Esta figura revela-se, de súpito, cunha forza insospetada. Xa sabíamos algo do seu carácter através dos capítulos anteriores, onde se nos mostraba como un home dotado de excelentes virtudes: lealdade, xenerosidade, entrega, sumisión. Agora a súa figura engrandece-se e cobra un relevo especial, achegando-se, mesmo, ao grupo dos protagonistas. Se cadra, nun principio, é contemplado con certa frialdade, pero logo vai pouco a pouco penetrando no lector.

No seu parlamento inicial desexa xustificar-se ante Beringuela. Vemos na súa actitude angúria, desasosiego, confusión ("nunca me vin tan acordado"), decisión ("traio para vós unha encomenda"), confianza na comprensión de Beringuela ("a bondá do voso caraute, o acaída que sodes na razón...") e delicadez na exposición.

Expresións esculpatórias e un ton cuase sentencioso ("a dolor e os anos non se compran") caracterizan este primeiro parlamento de Fernán Vázquez que é interrompido por Beringuela.

No segundo parlamento trata xa de xustificar a Gonzalo. Pretende presentar o matrimonio con María como un capricho de Alvaro Páez ("... chegou a Curbián... e por canto non se lle meteu na cabeza o facé-la casar (María) co señor Gonzalo Ozores"). E por parte de Gonzalo o feito de corresponder a esta proposición ("que non ten nada de descamiñada") sería como un pago de favores ("como non iñorades moito é o que lle debe o Sr. Gonzalo Ozores ao Sr. Alvaro Páez"). Ante isto Gonzalo non pode negar-se porque todos os vasalos —continúa argumentando— contemplan esta boda como a ideal para o de Ulloa. Bota man, tamén, dos convencionalismos da época en canto à igualdade social dos

matrimónios e remata este parlamento intentando que Gonzalo quede ben, como un cabaleiro educado e cortés ("...el por nada deste mundo se atrevería a faltar no máis mínemo aos compromisos que con vós ten") e quer, asimesmo, deixar constáncia de que o seu señor está desacougado ("si eu fose a pintar-vos agora a pena e a turbaçon...").

López Ferreiro criou a súa perxonaxe feminina na figura de Beringuela (4), que xa comeza a vivir desde os primeiros momentos da novela. Cando chegamos a este final que agora andamos a comentar, o lector xa estaba familiarizado coa súa personalidade: unha rapaza alegre, profundamente relixiosa, doce e agarimosa con todo o mundo. Agora presentase-nos como unha muller de espírito rexo, orgullosa, dona de si mesma, de grande fortaleza moral. Cando se dá conta do problema que lle ven plantexar Fernán Vázquez reacciona inmediatamente, sen vacilar, con dignidade e xenerosidade (chegando, por así dicé-lo, ao autosacrificio). O autor tratou de ensalzar a figur feminina a presentá-la como un modelo de conduta. Se cadra, sobre ela pesa a heréncia romántica. Ela ama a Gonzalo por enriba de todo, pero co desengano sofrido volve-lle as costas a esta paixón e ingresa nun convento.

A economía do seu diálogo semella-nos un acerto. O pouco que fala é de grande contido emocional e de grande efectismo.

O que fica malparado e desmerece moito é Gonzalo Ozores. O seu comportamento, ao aceptar ese matrimonio de conveniéndia e enviar a Fernán Vázquez a desfacer o compromiso con Beringuela, provoca no lector un grande desencanto.

Neste final da novela, tan sorprendente, achamos unha auséncia importante, como un pequeno vacio, que é a falta de xustificación que explique, ou cando menos insinue, a evolución que sofre Gonzalo. Non se nos suministran máis que certos argumentos, pouco convincentes, e, ademais, algúns xa foran utilizados como argumentos a favor do matrimonio Gonzalo-Beringuela (5).

Resulta clara a simpatía do autor por Fernán Vázquez e Beringuela. Entroca, semella-nos que a María —figura que aparece e desaparece coa mesma rapidez e da que só temos unha descrición física— non lle profesa demasiada, pois nen tan sequer lle concede o dereito de "falar". A omnisciéndia do autor permite-lle actuar con liberdade e penetrar ou non no interior das súas personaxes segundo lle conveña.

Antes de rematar con esta parte queremos resalta unha característica que presenta esta novela —como tamén as outras— no que à eleición do protagonista (do heroi) se refere. Non lle interesan ao novelista as grandes figuras e os grandes acontecementos, senón certas personaxes achegadas ao povo, misturadas con el, humanizadas.

Interesa-lle ao autor relatar os cámbios que se producen na vida do povo. Esta novela, *O castelo de Pambre*, refere-se a un momento decisivo na vida de Galiza, cando, rematada a guerra dinástica que enfrentara a Pedro I e a Enrique II, a nobleza galega comeza a renovar-se e a reestruturar-se. Co triunfo dos enriqueístas, señores castellanos veñen a Galiza acompañados de escribas, cregos,

criados. A língua que utilizan é o castellano. Deste xeito os nobres galegos comezan a imitá-los, co que se encetará unha auténtica desgaleguización (6).

No meio destes acontecementos, deste cámbios, hai un heroi "mediano" (7), cuxos sucesos particulares non contan demasiado (dos dezaioito capítulos e o epílogo, a historia amorosa, por exemplo, só ten tratamento nos dous últimos e escasas referencias en algun outro). O protagonista aparece proxectado no seu povo e os feitos que lle acontecen interesan en función dunha colectividade (neste aspecto son ilustrativas as páxinas 73-76 da novela, edición citada). Non hai distanciamento entre o heroi e o povo. Hai moitas escenas en que Gonzalo entabla contacto co povo e aí manifesta a súa natureza popular (8).

Contexto histórico

Os acontecementos históricos relatados en *O castelo de Pambre* son sobradamente coñecidos e están suficientemente tratados pola historiografía relativa a este período (9). Xa nos temos referido a eles ao iniciarmos este comentáριο. López Ferreiro é fundamentalmente historiador e así o pon de manifesto na súa obra de criación. Nela está plasmada unha determinada época e uns determinados feitos nun contexto xeográfico concreto (10).

O esforzo do novelista neste aspecto foi enorme. Toda a novela é fiel reflexo dos acontecementos que se soceden na Galiza a fins do século XIV. As asañadas loitas que se nos pintan non son nengunha invención do autor ao ver o que nos din os historiadores e estudosos do período.

López Ferreiro, bo coñecedor do entorno histórico, sente-se interesado pola figura de Gonzalo Ozores de Ulloa à que converte en personaxe central da novela.

Os Ulloas, que pertencen ao círculo de cabaleiros que rodeian aos Castro, comezan a bulir e a ter verdadeira resonancia a fins do XIV. A primeira personaxe da casa con fisonomía definida é precisamente Gonzalo Ozores. A súa personalidades, casa, familia, señorío, están claramente identificados nun documento moi interesante que serve para cotexar os dados na novela: trata-se do seu testamento outorgado o 4 de agosto de 1402. Unha serie de noticias e acontecementos que achamos na novela son fiel reprodución da historia como podemos comprobar através do citado testamento que foi publicado polo historiador López Ferreiro (11).

E hai outras noticias que non podemos confirmar nel, pero que están referidas en estudos da época, como por exemplo a batalla de Ambreixo, que ocupa o capítulo XIV (12), ou a recuperación das terras que estaban en poder de Vasco Gómez das Seixas, cap. XVI (13), etc. Poderíamos aportar máis dados pero pensamos que cos reseñados abonda para pór de manifesto a autenticidade do escritor na reprodución literaria; e, posto que non tratamos de facer un comentáριο de tipo histórico, senón só amostrar como nesta novela o que prevalece é a historia, non insistiremos máis sobre este punto. Simplesmente indicar que, o mesmo que Gonzalo Ozores, outras moitas personaxes da novela son perfectamente indentificáveis: Alvaro Páez de Soutomaior (14), cuxa filla casa con

Gonzalo , Vasco Gómez das Seixas (15), Ares Vázquez de Vaamonde e Pedro Ares de Sonar (estes últimos figuras totalmente secundárias, etc.)

Haberá, loxicamente, figuras ficticias, aínda que no texto teñan a mesma entidade que as históricas e non haxa diferenza entre elas.

Non só as personaxes, tamén o ambiente, a vida do pobo en todas as súas manifestacións exteriores están autenticamente plasmados. O autor preocupa-se até dos mínimos detalles da vida cotidiana (16). Familiarizamo-nos coa vida anímica da época através das ideas, sentimentos, modos de ser, tan ben reflexados na obra.

Abondan tamén os indicios sociais. As relacións entre señores e criados están incorporadas ao texto con grande verismo. Por aquel tempo señores e fidalgos manteñen un claro protagonismo. O escenario natural da vida medieval é o señorío, o grande dominio onde se instala un propietario, dono de moitas terras, señor dos seus colonos, que carecen de dereitos e viven en estado de total dependencia destes señores. E o señorío galego acomoda-se a este esquema. O señor ostenta a autoridade en cada terra: percebe os tributos e prestacións debidos à súa condición (17), ten dereito ao "yantar" a conta dos colonos varias veces ao ano (18), comete toda clase de atropelos e abusos (19), prepara matrimonios segundo determinados intereses (20), etc.

Ritmo narrativo

Considerando a novela na súa totalidade os dous últimos capítulos son de grande dinamismo: unha vez que chega Alvaro Páez de Soutomaior a Curbián e despois dos saídos de adoito, indica-lle a Gonzalo que, en realidade, ao que veu foi a concertar o casamento da súa filla Maria —que ven con el— con Gonzalo, a quen tanto aprécia. Este, ante a situación que se lle plantexa, prefere pensar a resposta e dá-lle un prazo de tres días. A resposta será afirmativa e ao cabo dun mes celebra-se o casamento. Ao final do capítulo XVIII, en cinco liñas, informa-se-nos da súa boda e da súa morte ao mesmo tempo.

Canto ao parágrafo que nos ocupa, hai momentos de rapidez narrativa e outros de ritmo lento. E isto, por suposto, está ligado às formas do relato. O autor remata a novela con este desenlace que ninguén agardaba e que se produce no último momento. Por iso, nas partes narradas —que serven para dar entrada ao diálogo— hai un certo dinamismo. Tamén o diálogo entre Fernán Vázquez e os pais de Beringuela ten un ritmo rápido.

Só nos parlamentos do "mensaxeiro" fai-se o ritmo máis lento. Fernán Vázquez fala con técnicas dilatorias, querendo retrasar o momento, até o extremo de que a súa interlocución é interrompida por Beringuela. Contribuen a dar esta sensación de lentitude, de sosego, as estruturas bimembres e os esquemas paralelísticos coa mesma orde distribucional. Tamén a reiteración, o emprego abundante de negacións, a enumeración de argumentos cumpren esta mesma finalidade. Observe-se a presenza de algúns adxectivos, que, ademais, van

pospostos: "vida arrastrada e traballada", "pernas baradas e tolleitas", "nunca me vin tan acorado".

Nos parlamentos de Beringuela o movemento rítmico varia. A un momento expectante ("pero ¿que encarga é esa...?") corresponde un ritmo lixeiramente máis rápido. A sintaxe, que xa se fixo máis tensa e cortada ("supoño que conoceredes este papel. Aquí tendes o nome do voso señor") contribuí a acentuar este ritmo.

E cando nos achegamos aos últimos trechos narrativos o ritmo precipita-se. Note-se a ausencia de adxectivos (que xa non abundan no texto) en contraste coa abundancia de verbos e a sucesión de xustapostas: "esto dito..foi-se...abreu...sacou" que rematan con esa cordinada copulativa "e volveu". Trátase, ademais, de verbos suxeridores de movemento.

Ainda que se trata dun texto dialogado na súa maior parte, a liña tonal non ten bruscos ascensos nen descenso, pois non abundan as exclamacións e interrogacións. Dado o conflictivo do tema podería haber máis entonación. Sabemos que Beringuela non está satisfeita —non pode está-lo (21)—, pero non hai nela unha actitude de reproche, de protesta airada. O rexta expresa resignación e conformismo.

Alguns procedimentos de escritura

Nunha primeira lectura apercebemo-nos da importancia de tres recursos de ámbito distinto, cuxa evidencia é clara: a reiteración, as series binarias e a antítese.

A reiteración

As reiteracións léxicas e sintácticas como procedimentos de estrutura estilística e narrativa teñen un grande rendimento neste texto. E podemos comezar por subliñar a reiteración onomástica: o nome de Gonzalo Ozores encontramos-lo só no fragmento transcrito dez veces. E como se se tratara de chamar a atención sobre esta personaxe.

a) Reiteracións léxicas. Anáforas.

fixo, fixen, fixestes, fixen, fixen, fixen

traio...e traio-vo-lo

vedes, teño-me visto, vin

por nada deste mundo/por cousa ningunha deste mundo

poida dicir/poidera dicir/poidades dicir

que mo creades/que no mo creades

nunca me faltou/nunca me vin/nunca me cansei

O mesmo ocorre co pronome de 1ª persoa tan repetido neste fragmento. A súa aparición continua serve, se cadra, para destacar a emoción particular de Fernán Vázquez, ou para destacar a súa individualidade.

Estas repeticións de palabras, frases ou ideas poden indicar a presenza de temas obsesivos ou de preocupacións obsesivas, como a que ten Fernán Vázquez no momento de enfrentar-se a Beringuela. Quer saír do paso pero airosamente.

b) Paralelismo

A disposición paralelística, a base de esquemas sintácticos que se repiten e que teñen unha mesma distribución, ofrece moito xogo no texto. Algunhas destas estruturas paralelísticas están, mesmo, intensificadas pola anáfora:

adv. + pron. + verbo (idéntico tempo e persoa)

nunca me faltou

nunca me vin

nunca me cansei

or. principal + or. subord. (observe-se a distribución)

que as pernas se me quedan...

parece-me que o folgo me falta

que as palabras se me callan e engalatan

prep., conx. + demostrat. + sust.

e estes ditos

e estas acramacións

a estes deseios

a esta proposición

O próprio fragmento ofrece unha disposición paralelística na que alternan narración-diálogo-narración-diálogo.

Séries binárias

Teñen, tamén, grande rendimento as estruturas bimembres que repercuten no ritmo da prosa, dando-lle esa sensación de equilibrio, sosego, lentitude à que xa nos temos referido. Estas séries binárias, combinadas en moitos casos coa sinonímia, son cuase todas do parlamento de Fernán Vázquez (os parágrafos en que o ritmo se remansa):

sust. + sust.

franqueza e desenvoltura

saúdos e parabéns

a delor e os anos

lances e apertos

a sua fachenda e os seus fumes

o nome e a sona

a pena e a turbação

por despeito nin por rancura

verbo + verbo (sobre todo infinitivos)

retroceder e largar-me

callan e engalatan

tecer e cavilar

encher e alegrar

dicir e remexer

levando e esparexendo

Até na escasa adxectivación aparece esta disposición bímembre:

(vida) arrastrada e traballada

(pernas) baradas e tolleitas

público e notório

riquismo...e poderoso

A antítese

A antítese destaca como un dos recursos aos que o autor acode con máis frecuencia. Con efecto, hai no fragmento unha serie de mundos contrastados, unha serie de oposicións moi significativas: as propias personaxes, as súas actitudes, a realidade que é (a que se está a configurar neste capítulo) e a que pudo ser.

Diciamos que hai un contraste nas propias personaxes. Certamente así nos parece. A fraqueza física, a vellez de Fernán Vázquez —a quen o autor nos describiera xa como un home enfermizo, de uns sesenta anos, fraco— contrasta coa súa fortaleza moral, coa súa enteiraza, co seu dominio dos propios sentimentos que están, agora, encontrados. A súa loita interior plasma-se nunha serie de oposicións:

si fixen algo/si non fixen nada

o que vos vai acordar/inda nunca nos esqueceu

que mo creades/que no mo creades

Ten a lingua *trabada* pero *rompe a falar*. E a frase "nunca me cansei de andar ao retrouteiro" que é o mesmo que dicir "a voltas, de un lado a outro" e que implica acción e movemento, está en aberta oposición a "pernas baradas e tolleitas" e tamén a "o folgo me falta".

E Gonzalo Ozores, magnificado e idealizado nalgunhas pasaxes da novela e apresetado como un home valente, honrado, xeneroso, o salvador da honra dos Ulloas, fica agora degradado polo seu comportamento. Tamén aquí os termos antitéticos son expresivos: non é home que se "atote" por nada deste mundo, pero non ousa vir a xunto Beringuela. Están en xogo a valentía-cobardía do protagonista. E o carácter antitético acentua-se cando máis adiante se nos di que "el

por nada deste mundo se estreveria a faltar...aos compromisos que con vós ten" (con Beringuela), e aínda se fala da "pena e turbaçon" que aflixen a Gonzalo.

Tamén na actitude de Beringuela se opón o seu amor por Gonzalo à sua pronta renúncia. A sua axitación interior (22) contrasta fortemente coa sua serenidade exterior.

Língua coloquial

Antes de finalizar este comentáριο queremos engadir algunhas notas sobre a sua língua. O fragmento escolleito non é o suficientemente longo como para permitir un estudo amplo, mais podemos analizar algúns elementos da língua en que López Ferreiro escribeu as suas novelas.

Hai un rexistro de língua, nas suas obras, que corresponde à falada, à coloquial. Xa sabemos que para o autor non existe diferençia entre língua literária e língua falada *escrita*. E así o indica expresamente na dedicatória da sua primeira novela aos seus pais: "Nestas páxinas, escritas naquel mesmo languaxen que eu depreñín a tatear cando me tñades no voso regazo...". É por iso que, buscando esa fidelidade ao galego vivo que el coñecía, o seu galego non está exento de algúns vulgarismos (*acasi3n, léngua, verdá, engurras, estreveria, mínemo, bondá*, etc.) nen de algúns castellanismos (*saleu, Dios, conozo, delor, parexo, vasallos*), que chegan, mesmo, às construcións sintácticas (*vou-vos a dar, fai dous ou tres dias*), pero que teñen a sua xustificaci3n polas razóns expostas.

Non se preocupa o autor pola criaci3n dunha língua literária, tarefa en que outros escritores estiveron empeñados. O autor propuxo-se restaurar e reabilitar o galego utilizando-o nas suas novelas históricas. No prólogo que precede à primeira novela por el publicada, López Ferreiro dirixese ao leitor dicendo-lle que para tranquilizar as inquietudes do seu espírito puxo-se a escribir estas páxinas ("na nosa doce fala galega") da história de Galiza "explicadas cas mesmas frases e cos mesmos vocablos con que alá noutro tempo nosos ab3s parolaban e se entendian").

Enumeraremos esquematicamente algúns rasgos deste texto, para constatar, aínda que sexa someramente, este nivel coloquial a que nos temos referido:

- sintaxe sinxela, con nexos abundantes. Frecuência de coordinadas copulativas, que alternan con adversativas. Rasgo do estilo narrativo coloquial (vexan-se, por exemplo, as liñas desde *traio a gorxa*),

- algúns casos de hipérbole, unha das figuras máis frecuentes na língua coloquial e familiar: "non é home que se atote por cousa ningunha deste mundo" ou "mil vidas que tivera, mil daría antes que vir onde a v3s".

- expresións e frases coloquiais do tipo:

¡boite! / "pois morra o conto" / "sin máis cirimónias"

" (do riquismo que é) non vos quero dicir nada" / "as casa de Soutomaioir e de Ulloa) por aí se xogan" / "xa estou de volta"

- Usos conxuntivos an3malos ou peculiares:

non porque: "si eu non vos conocera tan ben como xa de vello vos conozo,
non porque eu collera esta encarga por moito que lle pesase
ao Sr. Gonzalo Ozores.

O advérbio de negación *non* aparece reforzado coa conxunción causal *porque* convertida en advérbio de negación. A equivaléncia castellana desta expresión sería algo así como "non certamente" Este uso de *porque* é semellante ao máis comun de *pois* para afirmar. Mediante a conxunción aduce-se elípticamente a causa que permite afirmar a negación. A afirmación *porque* reforza a negación *non* e desaparece todo rasto conxuntivo.

tampouco non, onde o advérbio actua de reforzo da negación:

"... apeaba-se un cabaleiro montado nun faco, o cal... non podía chamar-se un Pegaso ou un Babieca, pero tampouco non era un barrufeiro".

NOTAS

- 1) Antón López Ferreiro (1837-1910) foi fundamentalmente historiador. A súa obra marcou un fito na investigación histórica de Galiza. Mais a súa actividade non se limitou só a iso, pois foi tamén arqueólogo, teólogo, canonista e autor de tres novelas históricas, escritas en galego, que é o que nos interesa salientar aquí.
- (2) Seguimos neste traballo a edición Antón López Ferreiro, *O castelo de Pambre*, edición, introducción e notas de Aurora Marco, E. do Castro, A Coruña, 1981. Esta edición está feita sobre a de 1895, publicada en vida do autor, pois a de 1953 (onde aparecen as tres novelas xuntas) contén modificacións lingüísticas de todo tipo que desfiguraron a lingua do autor e que consideramos inadmisíbeis en traballos deste tipo.
- (3) Na ed. cit. poden ver-se as pp. 65 e ss., e 154 e ss.
- (4) As figuras femininas das tres novelas Mariña, Beringuela e Tareixa, teñen un grande paralelismo. Son mulleres doces, resignadas, sumisas, moi relixiosas, pero posúen, ao mesmo tempo, un rexo carácter e fan-se fortes nos momentos adversos.
- (5) No cap. IV, p. 71 falan Alberte e Domingos e referindo-se a Beringuela un deles di: "e máis facíavos unha boa parexa para o señor Gonzalo Ozores", ao que lle responde o outro "pois igoalar habían de igoalar ben". En canto ás débedas de Gonzalo Ozores con Alvaro Páez, tamén ocorre o mesmo con Vasco Fernández, pai de Beringuela que era "un dos máis dicididos partidários de Gonzalo Ozores" (p. 68), "militou de cote na hoste dos Ulloas" (p. 78) e aínda máis, estivo encarcerado pola súa causa (p. 127, 154 y ss.).
- (6) Ricardo Carballo Calero, "Sobre a nosa lingua", *Problemas de lingua galega*, Sá da Costa editora, Lisboa, 1981, p. 10.
- (7) A propósito de Walter Scott, Lukács ten subliñado que as súas novelas están construídas "alrededor de un héroe mediano y sólo correcto pero nunca heroico" (György Lukács, "Walter Scott", *Sociología de la literatura*. E. Península, Barcelona, 1973, p. 404).
- (8) Carballo Calero di-nos que López Ferreiro "é un verdadeiro populista no sentido de que reflexa na súa obra a transcendencia que para a vida social ten a conducta das clases populares". Fala de que nas novelas deste escritor "resplandece ese espírito democrático que Lukács tan acertadamente existaba en Walter Scott, mestre do noso narrador (Ricardo Carballo Calero, "López Ferreiro, escritor en galego", *Libros e autores galegos*, I, A Coruña, 1979, p. 227). En György Lukács, *La novela histórica*, E. Era, México, 1966 están expostas todas estas ideas coa amplitude debida.
- (9) Poden ver-se: AA.VV., *Historia de Galiza*, E. Alhambra, Madrid, 1980, p. 121 e ss. AA.VV., *Historia de Galicia*, I, E. Planeta, Barcelona, 1980, p. 157 e ss. Pero interesan especialmente os libros de José García Oro, *Galicia en la baja Edad Media*, Santiago, 1977 e *La nobleza gallega en la baja Edad Media. Las casas nobles y sus relaciones estamentales*, Santiago, 1981.
- (10) Absolutamente todas as aldeas e lugares onde se producen os acontecementos da novela, temo-los localizado na folia nº 96 do mapa topográfico 1:50.000 do Instituto Xeográfico e Catastral.
- (11) Antón López Ferreiro, *Galicia Histórica*, colección diplomática, año I, Santiago 1901, pp. 169-177. Este testamento proporciona moitas noticias sobre os seus antepasados, homes de confianza, etc. Fala-se ali tamén da devoción desta familia a Sobrado (feito reflexado na novela).
- (12) Vasco de Aponte, "Relación de algunas casas y linajes del Reino de Galicia" en Benito Vicetto, *Historia de Galicia*, VI, Ferrol, 1865-1874, p. 432.
- (13) José García Oro, *La nobleza...* op. cit., p. 162.
- (14) Vasco de Aponte, cit., p. 406: "Alvaro Páez abuelo de Lope Sánchez de Ulloa, era un gran señor". Tamén José García Oro alude a esta figura.
- (15) Foi un dos que "en nome da encomenda" impuña a súa vontade nos mosteiros ocupando terras, lugares, servindo-se dos vasallos de outros. Figura como *encomendero* de moitos mosteiros. Realmente a pintura que del fai o autor na novela corresponde-se bastante con estas noticias.
- (16) Vexan-se, por exemplo, as pp. 70 e ss., 104-105 e ss., 120-121, 165-167 da edición à que se fai referencia na nota (2).
- (17) Na p. 44 da novela fala-se da prestación da "luitosa". E na 45 dos "trabucos da pasaxe, da pontaxe e da castelaxe".
- (18) Vexa-se a p. 46.
- (19) Poden ver-se as pp. 45, 74, 83, etc.
- (20) Nas pp. 173.174.

- (21) No epílogo lemos: "Pra ela, para quen neste mundo non habia home como Gonçalo Ozores; pra ela que en Gonçalo Ozores tiña embutida a mitá da sua alma, ter...que cachear os máis fondos rincóns do seu peito e arrincar ela pola sua man o máis miúdo recordo daquel home...fou un trago..." (p. 188).
- (22) "Aquel axe...chegara-lle adentro da alma... e foi un trago, un solimán que lle empezoñou as entrañas e lle puxo o sangue como fel" (p. 188).